



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### Declaración de apoio ao uso do Software Libre na UDC

A Universidade da Coruña ven de elaborar un "**Libro branco para o uso do Software Libre nos ámbitos de docencia, investigación e administración da Universidade da Coruña**" co obxecto de analizar o fenómeno do software libre e de fontes abertas e deseñar un conxunto de actuacións para o desenvolvemento progresivo do uso do software libre na Universidade da Coruña.

E coñecido que o software libre e a Universidade teñen un desenvolvemento moi similar principalmente polo seu carácter educativo e de liberdade promovido por ambas as iniciativas. O **Software Libre é Coñecemento**, é unha revolución no eido das tecnoloxías da información e as comunicacións sen comparación desde a implantación de Internet.

#### O Consello de Goberno da Universidade da Coruña

considera que fomentar o uso do software libre, se entendemos como tal todo tipo de aplicacións e recursos informáticos que poidan usarse, estudarse, modificarse e distribuírse libremente, é unha vía adecuada para:

- Potenciar o compromiso da Universidade na **capacitación** dos seus membros nunha sociedade baseada no coñecemento que posibilite a capacidade de **innovación tecnolóxica**
- Fomentar as vías de **colaboración** entre as universidades, institucións e empresas do noso contorno que posibiliten implantacións e desenvolvementos conxuntos, que permitan **compartir esforzos e experiencias**
- Integrar tecnoloxías asistivas e interfaces de usuario nas solucións das organizacións polas súas características de **adaptabilidade e acceso**
- Fomentar a **independencia tecnolóxica**, a **protección do investimento** a través de racionalización do gasto e a interoperabilidade das aplicacións informáticas, e facer da UDC unha **referencia no noso contorno** para o avance da sociedade da información e o coñecemento
- Promover a **normalización lingüística** nas aplicacións informáticas

#### Por todo iso acorda

poñer en marcha un conxunto de **accións estratéxicas** que permitan o **despregue progresivo do uso do software libre** e de código aberto na Universidade da Coruña de acordo co Plano Estratéxico reflectido no devandito Libro Branco e, en concreto, tomar aquelas medidas conducentes a:

- Crear a **Oficina de software Libre (OSL)** da UDC. O cometido fundamental da OSL será a de difundir e promover o uso do software Libre entre a comunidade universitaria e a sociedade en xeral, promover a agregación e coordinación de esforzos entre as universidades, institucións e empresas e realizar o seguimento e desenvolvemento do Plano Estratégico do software libre na UDC
- Creación dun **portal web institucional** sobre o software libre <http://www.udc.es/softwarelibre>
- Elaborar a **personalización dunha distribución GNU/Linux** e adaptala as necesidades da comunidade universitaria, en particular **localizada ao galego**, para o seu uso nas **aulas de informática de libre acceso** para os estudantes da Universidade da Coruña. Nela se incluírá o catálogo de aplicacións alternativas baseadas en software libre para o seu uso pola comunidade universitaria
- Adaptar os **plans de formación** da comunidade universitaria a aplicacións baseadas en software libre
- Incorporar un conxunto de **recomendacións nos procedementos de aprovisionamento, desenvolvemento, mantemento e explotación do software** na UDC nas que se prime a adquisición de solucións baseadas en software libre sobre outras privativas, cando as primeiras teñan un nivel de funcionalidade equivalente ou superior.